



*texto en galego*

**31.03.2025**

# **Resolución Residencias Paraíso 2025**

Por noveno ano consecutivo atravesamos o inspirador proceso de selección das artistas que conforman as Residencias Paraíso. Grazas á colaboración e o compromiso dos distintos espazos e institucións colaboradoras impulsamos conxuntamente este programa interinstitucional de apoio á comunidade de artes vivas no noso territorio.

O proceso de ler e debullar cada un dos proxectos presentados é, sen dúbida, dos momentos máis estimulantes do ano. Nos 179 proxectos recibidos, atopamos un saber facer e unha mirada certa que nos interperla cara cuestións fundamentais da nosa contemporaneidade.

## **Comisión**

A comisión 2025 estivo formada por cinco persoas: **Joaquín Collado** (artista e responsable del Festival Paisaje en Villamalea), **Marcia Vázquez** (artista galega, artista Paraíso 2022 e responsable de Escora Danza na Costa da Morte), **Sabela Ramos** (xestora cultural independente galega), **Félix Fernández** (artista e co-coordinador de Residencias Paraíso) e **Caterina Varela** (artista e directora de Residencias Paraíso).

Xuntas, levamos a termo a difícil tarefa de enunciar e defender os criterios que fixeron posible atopar o equilibrio no conxunto de artistas Paraíso 2025.

# Dotación

Sobre o total das **8 residencias que acompañaremos nas Residencias Paraíso 2025** repartimos unha dotación total de **20.000 euros**. Os proxectos recibirán un apoio de entre 1.500 e 3.000 euros para levar a cabo a súa residencia.

## Artistas

As 8 Artistas Paraíso 2025 son:

- **Antón Yanguas**
- **Euyín Eugene**
- **Isabel do Diego**
- **Natalia Fernandes & Marta Azparren**
- **Suevia Rojo**
- **Rocío Bello & Javier Hernando**
- **Bal Castro**
- **Isolda Comesaña**

Abrimos o programa na **Casa da Cultura de Vimianzo** coa residencia do creador galego **Antón Yanguas** que estará traballando no proxecto de investigación titulado *Open Call*. Neste proxecto, Antón aborda o mundo das convocatorias artísticas e a exposición contínua da figura do bailarín.

A continuación, tócalle o turno a primeira das dúas residencias combinadas entre a **Cidade da Cultura** e o **Salón Teatro / CDG** en Santiago de Compostela que acollerá o proxecto *Tuerce* do creador transmasculino residente en Madrid **Euyín Eugene**. No centro desta investigación está a disforia de xénero e a necesidade de diálogo a través das prácticas artísticas de creadores trans e persoas non binarias.

Ademais, a artista andaluza **Isabel do Diego** será a segunda artista residente entre a **Cidade da Cultura** e o **Salón Teatro / CDG** co seu proxecto *Brutalismo*. Un concerto-escénico no que a artista reflexiona sobre o folclore do século XXI, a electrónica, a sonoridade, a musicalidade e o corpo que sae a escena.

No marco da **Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia**, desenvolveremos unha residencia na Igrexa da Madalena coas artistas estatais **Natalia Fernandes & Marta Azparren** para o seu proxecto *Cerrados y Dormidos los Ojos Bailan*. Unha conferencia performativa que fai dialogar a *Anatomía Inventada* de Natalia e o *Cine Ciego* de Marta, propoñendo a creación do corpo imposible da non-bailarina a partir dunha imaxe mental colectiva.

A artista galega **Suevia Rojo** –afincada en Portugal– será unha das artistas residentes en **O Vello Cárcere de Lugo** co seu proxecto *Incorpórea*. Nesta investigación, Suevia quere afondar nos conceptos de introspección e autorecoñecemento, procurando dar forma a materia invisíbel do corpo e a súa vulnerabilidade.

Asemade, **O Vello Cárcere de Lugo** e o **Pazo de Cultura de Narón**, acollerán o proceso de creación *Ensayo* da creadora galega **Rocío Bello** e do creador estatal **Javier Hernando**. Neste proxecto, os artistas preparan unha conferencia performativa sobre a cancelación de futuro e a problemática sobre a vivenda a partir dunha serie de xestos invisibles e humildes que nos permitan pensar o presente e imaxinar o futuro.

O creador galego **Bal Castro** mergullarase no seu proceso de creación titulado *Instinto desexo* no **Pazo da Cultura de Carballo**. Un proxecto no que Bal aborda temas arredor do afecto, a hipersexualización e a mercantilización do corpo.

E para rematar, inauguramos o novo espazo colaborador da **Casa da Cultura de Corcubión** con *Sagrado Corazón* da creadora galega **Isolda Comesaña** que prepara unha investigación escénica –a cabalo entre a poesía e a danza– arredor do desexo, a divindade, o privilexio e a vinganza. Baixo unha perspectiva feminista, este proxecto cuestiona a construción da identidade europea no imaxinario medieval.

## Un programa interinstitucional

Residencias Paraíso é un programa de residencias artísticas impulsado dende Colectivo RPM que conta co apoio da Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, e das distintas institucións co-productoras do programa: Concello de Lugo, Concello de Carballo, Concello de Corcubión, Concello de Ribadavia, Concello de Vimianzo e Fundación Cidade da Cultura de Galicia, así como coa colaboración fundamental dos distintos espazos cómplices.

Grazas a todas as persoas e institucións que lle dan corpo a este programa que inicia hoxe a súa novena edición e que nos ilusiona tanto coma sempre.